

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

|  |                       |
|--|-----------------------|
| <b>Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:</b>                            |                       |
| Nome:  |                       |
| Enderezo electrónico:  | Teléfono:             |
| <b>Dirección do proxecto Uvigo:</b>  |                       |
| Nome: José Carlos Caamaño Martínez   |                       |
| Enderezo electrónico: <a href="mailto:jccaam@uvigo.es">jccaam@uvigo.es</a> :       | Teléfono: 986 813 688 |
| <b>Co-dirección do proxecto UVigo:</b>   |                       |
| Nome: Manuel Cabaleiro Núñez   |                       |
| Enderezo electrónico: <a href="mailto:mcabaleiro@uvigo.es">mcabaleiro@uvigo.es</a> | Teléfono: 986 812 243 |
| <b>Bienio</b>  | <b>2022-24</b>        |
| <b>Número de participantes (máx. 4)</b>  | <b>2</b>              |

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

### Título

**Estruturas: como fan para resistir sen caer. Influencia da xeometría e os materiais.**

### Resumo

O proxecto consiste na realización dun estudio previo e a recompilación dos datos sobre tipoloxías estruturais, clasificación destas, materiais empregados e influencia da xeometría e dos materiais constituíntes nas cargas resistidas. Para os ensaios dispónse dos laboratorios de Resistencia de materiais e Estruturas da Escola de Enxeñaría Industrial. Proporase a realización de ensaios de laboratorio sobre maquetas a escala de estruturas reais, a realización de modelos mediante software ou cálculos manuais.

### Obxectivo

O obxecto do proxecto é a avaliación estrutural de pezas ou conxuntos para que resistan un determinado nivel de cargas, avaliando os efectos das variacións xeométricas (lucos, cantos, lonxitudes), da disposición de barras na estrutura e dos materiais no nivel de carga soportado.

### Plan de traballo

- 1 - Visita inicial ós laboratorios da Escola de Enxeñaría Industrial (EEI).
- 2 - Visitas ó instituto por parte do profesorado involucrado, para a posta en común.
- 3 - Planificación dos ensaios que se van realizar
- 4 - Realización dos ensaios nos laboratorios da EEI
- 5 - Desenvolvemento dos resultados e dos contidos por parte do alumnado co apoio do profesorado.